

DINÁMICA FESTIVA DO CONCELLO DE QUIROGA (LUGO). ANO 2012.

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO

Publicado en *Lucensia* nº 49, 2014. Biblioteca Seminario Diocesano. Lugo

I. O SANTUARIO DA VIRXE DOS REMEDIOS

1. SITUACIÓN DO RECINTO SACRO E LENDAS.

COORDENADAS U.T.M.

X: 643.762

Y: 4.704.741

O recinto sagrado está situado na aldea de A Ermida, parroquia de Santa María de A Ermida, pertencente dende o punto de vista eclesiástico ó arciprestado de Queiroga e á diocese de Lugo e, dende o civil, ó concello de Queiroga e, xa que logo, á provincia de Lugo. O termo dista 2,4 km. da capital municipal, coa que se comunica por unha estrada local. Posúe unha poboación de 137 habitantes (IGE.2011) distribuída nas entidades de Ermida, Prado, Ribeira de Abaixo, San Vitorio e Vergaza.

Neste lugar xurdiu unha devoción mariana que, a nivel popular, tenta explicarse, en canto ás súas orixes, por medio de dúas lendas recollidas por tradición oral.

1ª. Dícese *“que certo día, hai dístico moito tempo, un home con moita sede achegouse a beber ao riacho que pasa pola Ermida. Alí veu a unha imaxe da Virxe, tallada en pedra, que estaba na ribeira. O home, logo de beber, deu conta na aldea do que lle acontecera no río. Os residentes do lugar, logo de facer unha reunión, decidiron levar a imaxe en procesión ata a igrexa parroquial onde a colocaron nun altar. Non embargantes, ao domingo seguinte cando os veciños da parroquia foron oír misa, viron abraizados que a imaxe desaparecera. O seu descubridor, levado dun presentimento voltou ó riacho, onde de novo encontrou a imaxe. Os habitantes da aldea organizaron unha nova procesión ata a igrexa, colocando a imaxe outra vez no altar e, logo, pecharon o templo baixo chave. O labor foi inútil, xa que a imaxe volveu desaparecer para ir de novo á beira do riacho. Os veciños da aldea, convencidos de que o desexo da Virxe era de ficar nese lugar, construíronlle alí mesmo unha capela e, dende entón, non voltou a desaparecer”*.

2ª. Tamén se comenta *“que no século XIV, un peregrino francés, que ía venerar ao apóstolo Sant-Iago, portaba unha imaxe da Virxe probablemente roubada nalgún recinto sagrado que lle servira de hospedase. Como se sentira doente, acudiu ao hospital sanxoanista da Encomenda en Quiroga, ocultado previamente a imaxe mariana. Pasado o tempo, un veciño de a Ermida, chamado Lorenzo Estévez, soñou que sobre o outeiro cercano a aldea, no que había restos dun antigo templo paleocristiano, resplandecía unha luz. Logo de limpar o lugar, atopou a imaxe da Virxe, que foi levada a igrexa parroquial, retornando tres veces ó lugar de aparición”*.

O comendador de Quiroga, despois de ser informado dos feitos acaecidos, aprobou a reconstrución do recinto sagrado, momento no que foi encontrado “o Crismón”, disco circular de mármore do século IV ou V da nosa era”.

2. DESCRICIÓN ARTÍSTICA.

Dende o punto de vista artístico, o santuario posúe unha parte principal, provista da nave principal e o presbiterio, que foi construída no século XVII. Pola contra, a nave lateral, separada da principal por un piar, foi realizada de cara ó ano 1733, sendo prior da Encomenda Fray Antonio Somoza Quiroga. Esta, a nivel espacial, é máis estreita, e só posúe unha soa vertente. Ademais, o templo consta dunha capela maior, que está nun nivel máis alto que os anteriores elementos e mostra unha cuberta de madeira a catro vertentes.

Por outra banda, a construción dos muros foi realizada de cachotería e o tellado de lousa. En canto á ornamentación, hai un retábulo maior, de estípites, con dous pisos e tres rúas, nas que se encontran as seguintes tallas: A Nosa Señora de A Ermida, que é unha imaxe pétrea do século XVI, colocada nun trípode de madeira; un S. Roque; unha Inmaculada do século XVI; unha advocación da Nosa Señora da Leite, do século XVI e un San Antonio de Padua, do século XVII.

Así mesmo, no altar maior estaba o Crismón, do que xa falamos, que na actualidade gárdase no Museo Diocesano de Lugo dende o ano 1925. O Crismón é un disco de mármore circular, de 95 cm. de diámetro. A placa presenta no centro un gran monograma de Cristo e no borde, un pouco máis elevado, unha inscrición rodeada a ámbolos dous lados por unha sarta de perlas. A inscrición circundante comeza con outro

monograma, mais sen as letras alfa e omega, e di o seguinte: *“Aurum vile tibe est argenti pondera cedant plus est quod propria felicitate nites”* (El oro es vil para ti, cedan los pesos de plata; más es lo que brillas con tu propia felicidad).

3. ALGUNHAS REFERENCIAS HISTÓRICAS SOBRE O SANTUARIO.

O templo está situado nun altiño dende onde se divisa o fértil val de Queiroga. Nese emprazamento atopáronse 17 machados de talón da Idade do Bronce; dúas basas de columnas romanas de mármore, que actualmente úsanse como pías de auga bendita, unha lousa de mármore colocada na entrada ó santuario e un Crismón paleocristián probablemente do século V da nosa era, que nos fala da existencia dunha comunidade cristiana nese tempo. Esta comunidade debeu ter certa importancia ó longo dos séculos, xa que no ano 1281 o P. Johannis, clérigo de Santa María da Hermida aparece como “testemuya” do aforamento que o prior do mosteiro de Sobrado dos monxes outorgou a Teresa Vázquez da granxa de Quiroga.

A devoción á Virxe foi aumentando cos anos, e así no libro da Confraría da Nosa Señora de a Ermida adícanse, no ano 1622, sesenta e catro folios para consignar as misas de aniversario e fundación celebradas aquel ano, data na que a confraría xa transpasara os límites parroquiais. Naquel tempo, os dous mordomos da asociación organizaban a festividade da Virxe de a Ermida que, ó igual que hoxe, celebrábase os días oito e nove de setembro. Estes, os mordomos, cumprían dun xeito preferente, dúas obrigas: por unha banda, recadaban a esmola dos días da festividade, para o cal designaban a unhas persoas, ás que lles pagaban pola súa tarefa, pan e tabaco. A segunda obriga consistía en correr cos gastos tanto de carácter relixioso como profano, que xurdían durante os dous días de celebración. Así, sufragaban a cera, adicada ás necesidades de culto; as misas celebradas polos cregos asistentes; os foguetes da festa; os músicos participantes; as Pampónigas e o Meco, persoaxes populares de orixe pagano, que ían precedendo á procesión.

Respecto ó Crismón, compre salientar que, dende o ano 1925, encóntrase no Museo Diocesano de Lugo. A razón do seu traslado foi debida, segundo Manoel Rodríguez Sánchez, a certos comportamentos da comunidade parroquial non axeitados coa liturxía oficialista. Así, os fregueses da comunidade tiñan o costume de raspar os bordos do

Crismón, empregando as raspaduras nas feridas da pel dos porcos. Por tal motivo, o prelado da diócese naqueles intres decidiu trasladar o Crismón, malia o rexeite vecinal, coa finalidade de erradicar a devandita práctica da comunidade.

4. FESTIVIDADES E PETICIÓNS.

A festa mariana dos Remedios conmemórase tódolos anos os días 8 e 9 de setembro. Acoden ao recinto sagrado fieis procedentes de municipios lucenses, como Bóveda, o Courel, o Incio, Monforte, a Pobra de Brollón, Ribas do Sil, e mesmo de Lugo. Os devotos ofrecense normalmente por sí mesmos, pero hai algúns casos nos que veñen en nome doutras persoas que, polas súas doenzas, non poden vir ó recinto sagrado. O número de asistentes permanece estable nos últimos anos, sendo posible establecer a cifra de romeiros nuns dous mil.

As peticións máis usuais están ligadas coas doenzas humanas. Non embargantes, como a Virxe de a Ermida é avogada de tódolos males, puidemos comprobar que hai devotos que veñen ó recinto sagrado para pregar a súa intercesión por mor de problemas de índole familiar ou social. Para expresar á actitude de submisión á Virxe, os ofrecidos, en xeral, cumpren cunha serie de prácticas ritualizadas, todas elas destinadas a impetrar a axuda da Virxe ou agradecer o favor xa recibido.

5. RITUAIS E OFRENDAS PROPICIATORIAS.

Dende o 30 de agosto ata o sete de setembro, celébrase unha Novena ás 19,30 horas, na que participan tanto homes como mulleres non só da localidade, senón tamén doutros lugares do municipio e, mesmo, da cidade de Lugo. Actualmente, aínda se realiza un antigo costume consistente en que un pequeno grupo de homes –5 ou 6– cantan nove loas á Virxe ó remate de cada día da novena. A cada unha delas os demais asistentes responden co seguinte estribillo: *“Sea siempre nuestra abogada, Virgen Santa de la Ermida”*.

O último día, levase a cabo, ó rematar a novena, unha procesión, que malia non saír nela nin o Meco nin as Pampónigas, ten, coma sempre, un marcado carácter localista, xa que dun xeito preferente participan os fregueses de a Ermida e Quiroga, que van pola

estrada de O Courel ata a Patela, pasan pola Ameixeira e, de novo, retornan ó templo parroquial.

LOAS Á VIRXE DOS REMEDIOS DE A ERMIDA

I

*Pues que vuestra fe sea viva
con patrona tan sagrada.*

II

*Para daros culto fiel
por gracias tan singulares
os buscan en los lugares
concurriendo en tropel
los de la Hermida dosel
dispusiste compasiva.*

III

*Que vuestro socorro alabe
La Hermida en su aflicción
es deuda de obligación
el negarle no le cabe
y en este pueblo se sabe
que sois fuente de agua viva.*

IV

*Sois oliva que es señal
de la paz en la discordia
y en la misericordia
el símbolo natural
sois medicina que al mal
sus incrementos le priva.*

V

*Si el cielo con sequedad
estos pueblos amenaza
no por eso se embarazan
su gozo y prosperidad
menos tarde tu piedad
que tardan sus rogativas.*

VI

*Una mujer de este pueblo
al demonio se ofreció
y al punto le apareció
aquel dragón infernal
y tú Reina Celestial
le libertas compasiva.*

VII

*Un hombre encarcelado
y sentenciado a la muerte
a tus puertas aparece
de rodillas esposado
y clamando por tu amparo
le libertaste la vida.*

VIII

*Los enfermos moribundos
implorando tu piedad
sanan de su enfermedad
con gozo y convalecidos
y a los del todo impedidos
siempre sois caritativa.*

IX

*Por eso en la enfermedad
sois remedio sin segundo
y es justo que todo el mundo
cure con vuestra bondad
en toda necesidad
la liberta y compasiva.*

Os días 8 e 9, hai devotos da vila quiroguesa e de lugares cercanos, que veñen andando ata o santuario. Ó chegaren ó lugar de A Ermida, algúns suben descalzos dende a estrada ata o recinto sagrado. Tamén, hainos que percorren, de xeonllos, o traxecto, que vai dende a porta de entrada ó santuario ata onde se encontra a advocación mariana.

Xa no interior, comprobamos como algunhas devotas acuden vestidas con “mortallas”, debido á curación dalgunha doenza grave ou á solución dalgún problema familiar. A mortalla consiste nunha vestidura de cor branco que levan os devotos dende a cabeza ata a metade do corpo.

Tamén, apreciamos como os fieis cumpren con dous rituais: un ligado á liturxia oficial, como é oír unha das tres misas que se celebran no transcurso da mañá e da tarde, e o outro, propio da relixiosidade popular, como é o “ritual de contacto coa advocación mariana”. Esta práctica consiste en bicar o manto da Virxe e unha das dúas cintas adosadas ó mesmo.

Por outra banda, denantes da misa solemne das 13,30 horas, sae a procesión, que percorre unha parte do lugar de A Ermida. A disposición dos seus elementos é a seguinte:

En primeiro termo, vai un persoeiro lendario nesta comunidade, que recibe o nome de “Meco”. Este anuncia a súa presenza por medio dunhas castañolas que leva na man esquerda, mentres que cunha basoira de toxos, que trae na dereita, vai afastando ás persoas, para que poida pasar o cortexo procesional.

Logo, veñen “As Pampónigas”, dous xigantes que simbolizan a un home e a unha muller, que van danzando unha peza tradicional da comunidade. Cando a procesión retorna á igrexa, ámbalas dúas Pampónigas, colocadas nos flancos da porta do recinto sagrado, inclinan cadansúa cabeza no intre en que a imaxe da Virxe entra no templo.

A continuación, un grupo de gaiteros vai tocando unha peza tradicional da comunidade, recuperada por un gaitero contemporáneo chamado Colomán.

Finalmente, veñen os elementos propiamente relixiosos, como, o estandarte parroquial, levado por un fregués da comunidade; a imaxe da Virxe, portada nas andas por catro devotas da comunidade, que van acompañadas dos ofrecidos; os cregos que logo celebran a misa solemne; os devotos, colocados sen distinción de idade e sexo; e unha banda de música pechando o cortexo procesional.

Noutrora, había uns danzantes, que bailaban ó redor da advocación mariana o que eles nomeaban como “A danza”. Este ritual moi habitual antano nas festas de orixe mariano, quedou actualmente restrinxido á localidade de A Cervela (O Incio).

No ano 2012, logo do Felo e as Pampónigas ían, por primeira vez, os estandartes das parroquias de A Ermida, de Sta. María Madalena de Folgoso, de San Salvador de Hospital, e de San Martín de Quiroga. Logo da advocación mariana, ían os cregos que van a oficiar a continuación a misa solemne; van vestidos por primeira vez desde o Concilio Vaticano II do Terno, de cor branco, que foi bordado polas mulleres da “Casa Velasquillos” de A Ermida. Este está composto de casulla, capa pluvial, dalmáticas, manípulos e collarines. Na procesión o celebrante usa a capa pluvial, mentres que o diácono e o subdiácono utilizan os capotes.

Así mesmo, como compensación polos favores recibidos ou como ofrenda propiciatoria, os fieis, ademais de cumpriren os rituais descritos, aportan esmola en metálico e sufragan misas en honor da Virxe dos Remedios.

Noutrora, ofrecían, tamén, os produtos propios da terra, como podían ser o peso do ofrendante en cebada, centeo ou trigo e, ademais, candeas da súa mesma altura.

6. O MECO E AS PAMPÓNIGAS.

Trátase de personaxes antigos desta comunidade, dos que non é posible determinar a súa orixe.

O Meco estivo ligado, dende sempre, a “*Casa de Eliseo González*” do S. Vitorio (A Ermida), hoxe “*Casa da Tensa*”. Respecto a súa vestimenta, vai provisto dunha careta de madeira na que se reflicten trazos demoníacos. Na cabeza, leva un sombreiro de cor vermello, que se prolonga ata a espalda, formando unha especie de “molida” (cabezal). Tanto o jersei coma o pantalón son, tamén, de cor vermello; non embargantes, o pantalón leva unhas franxas laterais de cor branco, con pequenos resaltes tamén de cor vermello. No ano 1984, José González Rodríguez, nacido na Ermida e vinculado coa “Casa da Tensa”, construíu unha nova careta para o Meco, xa que a antiga estaba moi deteriorada; ademais, tamén, realizou unha careta pequena para o seu fillo, que tiña naqueles intres oito anos. Isto motivou que, no ano 1984, previo permiso do párroco, saísen por primeira vez na procesión dous mecos, práctica que continuou ata o ano

1992. Dende o ano 1993, fai de Meco, Juan González, de 35 anos. O seu avó, Eliseo González, aínda é moi recordado na parroquia, xa que era un gran brincadeiro e, ademais, facía que lle limpaba os zapatos cun pano aos que lle daban cartos.

O Meco, para anunciar a súa presenza, leva na man dereita unhas castañolas que repinquean, mentres na esquerda trae “unha basoira de toxos”, coa que vai afastando a xente do camiño, para que poida pasar o cortexo procesional. Cando a procesión retorna á igrexa, celébrase a misa solemne. Mentres tanto o Meco fica no adro da igrexa onde se leva a cabo un ritual profano consistente en que algúns fregueses tanto da parroquia como de fora botanlle moedas ao chan. No intre en que o Meco se dobra para recollelas, algunhas persoas, homes xeralmente, danlle labazadas na molida (cabezal), mentres él tenta defenderse coa “basoira ou fachuzo de toxos”.

Antano, este personaxe recibía os nomes de “Felo” e “Gracioso”. Pola tarefa que levaba a cabo dábanlle unha pequena remuneración en metálico, procedente da esmola que se recadaba na festividade mariana. Así, temos noticias polo arquivo diocesano, que, no ano 1882, “o Felo e un Xigante” recibiron oito reais polo seu labor.

As Pampónigas son dous xigantes que simbolizan a un home e a unha muller. As súas cabezas son de madeira e o seu armazón, antano de madeira, é de aluminio. A Pampóniga que representa a unha muller, vai vestida cun sombreiro e traxe vermello, pola contra, a que simboliza a un home, vai ataviada cun sombreiro e traxe azul. Estes personaxes van na procesión, logo do Meco, danzando unha peza tradicional da comunidade. Polo tanto, os seus portadores, normalmente fregueses da comunidade parroquial, teñen que ter moita destreza, experiencia e resistencia física, xa que a altura das Pampónigas é considerable. Estes personaxes son moi similares aos “Cocos” de Lourenzá e Ribadeo.

Antano, os seus portadores tamén recibían un estipendio pola súa participación na procesión. Así, no ano 1887, temos noticias que “un Gracioso e as Pampónigas” cobraron doce reais polo seu labor.

7. FEITOS TRANSCENDENTAIS ACAECIDOS NESTE SANTUARIO. EXVOTOS PICTÓRICOS.

Neste recinto sagrado hai catro cadros pintados ó óleo sobre lenzo, que son copia doutros máis antigos. Os actuais foron pintados, no ano 1882, por orde do mordomo D. Xosé Somoza, como queda reflectido nunha inscrición dun cadro que di: ***“Me mandó hacer D. José Somoza mayordomo de Ntra. Sra., porque el original ya estaba viejo”.***

Estes cadros representan feitos milagrosos ligados a este santuario, que tiveron lugar no século XVIII. Permanecen todo o ano na sancristía do templo agás os días da festividade, que se poñen na fachada central. Foron restaurados no ano 2012.

O primeiro cadro presenta, na parte superior esquerda, á Virxe rodeada de nubes e sobre un fondo amarelento, clara simbolización do sol. No centro aparece unha muller, de xeonllos, nunha actitude de súplica perante a Virxe; fronte á muller hai un can ladrando cara a ela, que representa ó demo. Na parte inferior, un texto nos informa da persoa, que doou o cadro; do seu lugar de residencia; e do motivo específico da doazón. O texto di: ***“Catalina Rz. de Ramos vecina que fue de este lugar, enfadada porque los Ganados de los vecinos le destruyeron una Huerta se ofreció al Diablo el que vorazmente le acometió en figura de Perro, encomendóse a esta Señora y con su intercesión desapareció”.***

Na parte superior esquerda do segundo cadro, xorde a Virxe, rodeada de nubes e sobre un fondo amarelento, outra representación do sol. Na parte central, mostrase un doente na cama, que está sendo auscultado por un médico, mentres un crego, acompañado dun acólito lle administra os Santos Óleos. Na parte inferior, hai unha explicación do cadro que fai alusión á persoa, que o regalou; ó seu lugar de residencia; a razón específica da doazón; e ó ano en que tivo lugar o suceso. O texto expresa: ***“Año de 1706. Jacob Freire hallándose enfermo gravemente y desahuciado de los Médicos, se ofreció a Nra Señora de la Hermida con este cuadro el que inmediatamente se halló bueno”.***

O terceiro cadro amosa, na parte superior esquerda, á Virxe entre nubes e sobre un fondo amarelento, unha nova e vistosa representación do sol. No centro, aparece unha muller doente na cama. Na parte inferior, hai unha inscrición que fai mención da persoa, que doou o cadro; do seu lugar de residencia; do motivo da doazón; e do ano que ocorreu o suceso. A inscrición di: ***“Año de 1727, Dª Jacinta Díaz de Losada, vecina de este lugar, hallándose totalmente tullida y con inmensos dolores, se ofreció a esta S. Señora y por su intercesión sanó del todo”.***

Na parte superior esquerda do último cadro, manifestase á Virxe envolta en nubes e sobre un fondo marelento, sempre en clara representación do sol. No centro, mostrase un home, de xeonllos, ó carón da igrexa nunha actitude de súplica perante a Virxe. No fondo, aparecen outros elementos da paisaxe, como un río, algunhas casas e montañas. Na parte inferior, vese un texto que informa da persoa, que regalou o cadro; do seu lugar de residencia; e da razón específica da ofrenda. O texto manifesta: ***“Un hombre de la Jurisdicción de Courel, estuvo sentenciado a horca por la Justicia de aquella y ofrecióse a esta Sma. Sr^a milagrosamente amaneció el día que había de ser ajusticiado de rrodillas a las puertas de esta iglesia, con unas esposas en las manos y las mismas esposas se conservan en este Santo Templo”***. Actualmente, nos días da festa, as esposas colócanse na fachada do santuario cos demais exvotos pictóricos.

Por outra banda, un dos milagres atribuídos á Virxe de A Ermida, que máis comentarios suscitou no seu momento, e do que aínda se fala en Queiroga e os seus arredores, é o que tivo lugar hai 16 anos, gracias ó cal unha nena de 13 anos María de nome, doente de cancro, conseguiu salvar a súa vida. O pai da nena, Enrique Rodríguez, pensa que acaeceu algo sobrenatural: ***“Mi hija se salvó gracias a la Virgen. Nuestra familia vivía en New Jersey, y ninguno de los médicos que consultamos nos daba esperanzas. Una mañana me desperté con la sensación de que María no se iba a morir, y decidimos ofrecerla a esta Virgen, para que aquello que yo soñaba se hiciese realidad. Tiempo después, y ante el asombro de los médicos que la atendían, la niña de curó. Desde entonces, cada dos años, venimos desde Norteamérica para asistir a la romería”***.

Como dixemos, a Virxe non só sanda doenzas, senón que soluciona problemas de índole familiar e social. Así, Ana M^a Rubiero recolleu, na comunidade de A Ermida, o seguinte feito: ***“Unha vez, nunha rogativa, sacaron á Virxe polo lugar para que chovera. Nun momento púxose a chover, sen que houbera ningunha nube...”*** Este suceso foi considerado pola comunidade como un milagre da Virxe.

A celebración relixiosa complementase cunha dimensión laica e profana, que ten como marco espacial o Souto do Val, onde os romeiros en xeral disfrutan dun tempo de lecer; mercan produtos de distinta índole, entre os que hai que salientar as rosquillas; e atenden, nas casas de seu, ós invitados cun bo xantar. Logo, á noite, é o tempo no que unhas orquestras deleitan ó público asistente.

Na ribeira ourensán do Sil, en Castro Caldelas, celébrase a festividade da Virxe dos Remedios os mesmos días que na Ermida. Entrámbalas dúas, hai importantes semellanzas tanto no ámbito relixioso como profano. No relixioso, é patente na

celebración da novena, misas, procesión e rituais de contacto. No profano, hai un personaxe antigo, como na Ermida, que recibe o nome de “Irrio peliqueiro”. Aмоса unha carauta de pao pintada e adícase a correr ós rapaces cunha pelica atada a un pao.

8. CONSIDERACIÓNS SOBRE A FESTIVIDADE DE A ERMIDA (QUEIROGA).

O santuario de a Ermida está relacionado con lendas nas que se alude á manifestación da advocación mariana na súa situación actual. O seu emprazamento, situado no campo, foi valorado como lugar de culto por medio da lenda. Esta posúe un valor de conformidade que non podería ser discutido sen cuestionar ó mesmo tempo a credibilidade da comunidade. Polo tanto, a comunidade convírtese, segundo Honorario Velasco, en testemuña comprometida dunha verdade de fe local.

Esta advocación é receptora dunha importante comunicación por parte dos romeiros que queda reflectida por medio de signos lingüísticos e corporais, mediante os que se prega a súa protección e indulxencia. Así, aínda puidemos apreciar actos penitenciais, como ir camiñando dende o lugar de orixe dos devotos e subir descalzos dende a estrada ata o santuario. Caminar é a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporal. O carácter penitencial da romaxe está vinculado co sacrificio e vontade que debe desenvolver o ofrecido se quere alcanzar o seu destiño, reunindo deste xeito méritos que propician á deidade. Andar descalzos e de xeonllos constitúen unha forma de mortificación física que cada vez se realiza menos debido ás trascendentes consecuencias negativas que poden ter estas prácticas para o organismo humano de quen as realiza. Na actualidade, o aumento do nivel cultural nas comunidades rurais, propiciou que certas prácticas relixiosas tivesen unha incidencia mínima ó ser analizadas dende unha óptica diferente. Ademais, os medios de comunicación social foron introducindo unha diversidade de comportamentos e diferentes visións relixiosas e seculares do mundo que foron reducindo o carácter operativo de certas prácticas rituais. Antano, andar de xeonllos viña a ser, segundo Mariño Ferro, un signo de submisión, de acatamento, de humildade perante Deus Omnipotente.

Por outra banda, a procesión, como describimos, vai precedida por uns persoaxes lendarios e pintorescos, dos que se descoñece a súa orixe. Así temos as Pampónigas que van bailando unha peza antiga da comunidade. Ó retornar a procesión,

ámbalas dúas Pampónigas dende as xambas da porta de entrada ó templo fanlle á advocación mariana un signo de reverencia, no momento en que entra no interior do recinto sacro.

Respecto ó Meco, digamos que se trata dun personaxe sinistro que, ó ir afastando a xente para que a procesión poida avanzar, está contribuíndo a levar a cabo un ritual que ten como finalidade santificar todo o seu percorrido. Cando retorna a procesión, o Meco devirte e entretén ós fregueses ó pe da igrexa para que non participen da misa, que se está a celebrar no interior do santuario. Non embargantes, segundo Ana M^a Rubiero, as labazadas que recibe o Meco na súa molida é a interpretación simbólica de que este persoaxe personifica o ilícito e deshonesto; de aí que sexa obxecto de bulras e desprecios.

No intre actual, aínda adoitan ir nalgunhas procesións do Corpus estes seres fantásticos e diabólicos que simbolizan a submisión do profano perante relixioso.

O santuario aquí descrito, non só manifesta a vivencia da identidade da comunidade parroquial na que se localiza, senón tamén o sentido de apertura que lle dá a gran devoción que sinten outras comunidades pola súa imaxe. E isto foi e segue a ser debido á aparición e sucesión de milagres ó longo da historia do santuario. O milagre, segundo Ángela Muñoz, pode chegar a ser a concreción positiva dun acto de fe polo que se vincula o beneficiario dunha gracia cunha imaxe de devoción. Nos máis dos milares nunca faltan as referencias básicas, como poden ser a persoa beneficiada, a descrición da doenza ou problema, e as condicións da concesión.

II. OUTRAS FESTAS NO CONCELLO

Dende o venres ata o domingo de Pascoa celebrouse na vila queiroguesa a 24^a feira do viño da zona. Nos seus comezos estivo ligada á festa da localidade, adicada ó S. Martiño, posiblemente pola coincidencia da data –11 de novembro– co tempo do viño novo. Non embargantes, os colleiteiros da zona decidiron darlle un carácter autónomo á feira, para que o produto tivese unha meirande proiección cara ó exterior. Deste xeito, comezou a celebrarse unha nova feira-exposición do viño a partir do ano 1983. Logo, o concello encargouse da planificación. do evento a partir do ano 1990 coa finalidade de darlle unha maior transcendencia.

No presente ano participaron na feira 16 colleiteiros, que venderon a copa de viño a un euro, a botella a cinco, e a caixa de tres botellas a dez. Ademais, vendéronse outros produtos vinculados á zona, como aceite colleitado en Bendillo dunha maneira artesanal; mel e diversidade de licores realizados con augardente.

Por outra banda, os colleiteiros de mel da zona organizan na vila unha feira.-exposición deste produto coa axuda do concello. Dende o ano 1992 celébrase o 27 de agosto para dar a coñecer o produto non só por medio da degustación, senón tamén por medio de conferencias, exposicións etc. Así mesmo, a feira é a ocasión para promocionar outros produtos dos arredores, como castañas, noces, viño etc.

O 29 de agosto conmemórase a festividade do S. Xoán na parroquia de Bendilló. Acoden devotos de diferentes comunidades queiroguesas e doutros concellos limítrofes, como Ribas do Sil, Larouco e A Rúa (Ourense), ofrecidos por doenzas reumáticas. Estes, ó chegaren ó santuario, cumpren cunha serie de rituais:

Oen unha das misas que se celebran dende as nove da mañá ata a unha e media da tarde. Tocan cos seus panos a imaxe do Santo e, logo, pásanos por aquelas partes doentes dos seus corpos. Finalmente, participan na procesión, levando a advocación do Santo nas andas ou como acompañantes. Segundo Césareo Campos Vidal, é moi habitual que no transcurso da procesión se remuden as andas con algúns ofrecidos.

Con respecto ás ofrendas, contribúen con misas; cartos e algúns velóns.

Na parroquia de Hospital celébranse tres festividades que teñen unha gran transcendencia de cara á parroquia e ó exterior. O domingo seguinte ó 17 de xaneiro festexase a S. Antón Abade, avogado dos animais. O párroco celebra unha misa e, logo, catro fregueses sacan á imaxe do Santo en procesión por unha parte do lugar de a Ribeira (Hospital). Os fieis aportan produtos porcinos, como cachuchas; dentes; lacóns; e unllas. Esta ofrenda é poxada por un fregués da parroquia ó rematar a procesión.

O 13 de xuño celébrase a festividade de S. Antón de Padua na capela de Carballo (Hospital). Os fieis veñen ofrecidos por doenzas humanas, para recuperar obxectos perdidos, e por problemas de índole familiar e social. Oen a misa solemne e

participan na procesión, na que saen as imaxes do S. Antón de Padua; Santa Bárbara; e o Sgdo. Corazón. Tamén ofrecen cartos, misas e velóns.

Os días 24 e 25 de agosto conmemórase a festividade do S. Bartolomé na igrexa de Hospital. Segundo Amparo Pérez Rodríguez, noutrora acudían devotos para sandar “o meigallo”. Na actualidade, unha das peticións máis usual é a de erradicar e previr certas manifestacións ligadas co medo. Por tal motivo, os fieis deben oír unha das dúas misas que se celebran cada día; participar na procesión e bicar as Santas Reliquias.

Estas tres festividades relixiosas teñen o seu complemento en candansúa festa profana, en cada unha das cales hai dous intres importantes: por unha banda, os bailes que se celebran denantes do xantar e á noite. Por outra, o xantar cos invitados que serve para consolidar as relacións comunitarias.

No barrio de Caspedro, preto da vila de Queiroga, celébrase a festividade do S. Antón Abade o domingo seguinte á conmemoración do S. Antón de Hospital. Os devotos participan na novena, na misa solemne e na procesión. Adoitan traer canda eles como ofrenda produtos porcinos, como cachuchas; dentes; lacóns e unllas. Os produtos recadados son poxados por un fregués do lugar ó remataren os oficios relixiosos.

III. BIBLIOGRAFÍA

BLANCO PRADO, J. M.: *Exvotos e rituais nos santuarios lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1993.

BLANCO PRADO, J. M. e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel: “La devoción popular en el Santuario de la Hermida (Quiroga)”, en *Lucus. Boletín Informativo de la Diputación de Lugo*, nº 42, 1994, páxs. 32-39.

MARIÑO FERRO, X. R.: *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo: Ed. Xerais, Vigo, 1987.

MUÑOZ FERNÁNDEZ, Ángela: “El milagro como testimonio histórico. Propuesta de una metodología para el estudio de la religiosidad popular”, en *La Religiosidad Popular. I. Antropología e Historia*, Anthropos, Barcelona, 1989, páxs. 164-186.

RIELO CARBALLO, Nicanor: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Lugo: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes, Archivos y Bibliotecas. T. III, Madrid, 1980, páxs. 271-272.

RUBIERO DA PENA, Ana M^a: “A Virxe dos Remedios Patroa da Ermida” (Queiroga) (Lugo), en *Croa. Boletín da asociación do museo do Castro de Viladonga*, nº 8, 1998, páxs. 64-71.

VELASCO, Honorario M.: “Las leyendas de hallazos y de apariciones de imágenes. Un replanteamiento de la religiosidad popular como religiosidad local”, en *La Religiosidad Popular. II-Vida y muerte: La Imaginación Religiosa*. (Coords). C. Álvarez Santaló, María Jesús Buxó y S. Rodríguez Becerral. Anthropos, Barcelona, 1989, pág. 402.

IV. ILUSTRACIÓNS DO SANTUARIO DE “A ERMIDA”



RITUAL DE CONTACTO COA ADVOCACIÓN MARIANA



***DEVOTOS OFRECENDO “VELÓNS” NO ALTAR MARIANO
SITUADO NO EXTERIOR DO SANTUARIO***



PENDÓNS PARROQUIAIS QUE VAN PARTICIPAR NA PROCESIÓN



DEVOTAS CON MORTALLAS NO INTERIOR DO SANTUARIO



DEVOTAS CON MORTALLAS PARTICIPANDO NA PROCESIÓN



RITUAL PROCESIONAL



A ADVOCACIÓN MARIANA CANDO RETORNA AO SANTUARIO RECIBE A VENERACIÓN DAS PAMPÓNIGAS E DO MECO



AS MÁSCARAS ANTIGA E MODERNA DO MECO



O MECO. ANOS CINCUENTA



EXVOTOS PICTÓRICOS



***ALGÚNS ANOS (DÉCADA DOS OITENTA DO SÉCULO PASADO)
PARTIPARON O MECO E O MEQUIÑO. ESTE APRENDÍA O OFICIO
PARA CONTINUAR COA TRADICIÓN. VAN ABRINDO A PROCESIÓN.***



O MECO E O MEQUIÑO



***LOITA SIMBÓLICA DO MECO COS ROMEIROS QUE PARTICIPAN NO
EVENTO FESTIVO***



AS PAMPÓNIGAS



AS PAMPÓNIGAS



***LOITA SIMBÓLICA DO MECO COS ROMEIROS PARTICIPANTES NO
EVENTO FESTIVO***



FOTO ANTIGA DO MECO



FOTO ANTIGA DO MECO COA SÚA FAMILIA



***FOTO ANTIGA DO MECO RODEADO DE CATIVOS E
VECÍÑOS DA COMUNIDADE***